

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A REALIZACIÓN DO CURSO DE POSGRAO E DO CURSO PONTE DE ESPECIALIZACIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL

Santiago de Compostela, a 27 de xuño de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, en nome e representación da consellería en virtude do Decreto 124/2015, de 4 de outubro, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo e Presidente do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), constituído o 24 de febreiro de 2006 con personalidade xurídica plena e integrado pola Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que en virtude do establecido na cláusula segunda (modalidades de colaboración) do Protocolo Marco de Colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, actualmente Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Fundación Barrié e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) en Materia de Xestión de Emprego e de Execución de Políticas Activas, asinado en Santiago de Compostela o 18 de xullo de dous mil catorce e que, conforme ao especificado na súa cláusula quinta, continúa vixente, constitúe un dos obxectos de colaboración entre ambos axentes o "desenvolver o currículo competencial e de accións formativas especializadas a través das titulacións propias das tres universidades galegas, destinadas á adquisición dos coñecementos necesarios para mellorar a cualificación e as competencias do persoal que se está a dedicar ou que ten como obxectivo dedicarse aos labores de orientación laboral. Deste xeito, búscase que o dito persoal poida desenvolver este labor coa máxima eficacia e eficiencia, tanto en beneficio das persoas atendidas como no seu propio; e que por outra banda permita ás institucións que oferten estes servizos ás persoas desempregadas, un instrumento obxectivo que acredite a capacidade deste persoal e o habilite para o óptimo desenvolvemento de accións neste eido".

Segundo.

Que, de conformidade co establecido nos artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36º.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, acredítanse razóns de interese público, social e económico para a subscrición dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para a realización do Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, toda vez que o CIXUG, como entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia, ao estar participado polas tres universidades galegas, constitúese como axente necesario e imprescindible para o desenvolvemento de dito curso, por diversos motivos:

En primeiro lugar, xustamente por integrar no seu seo ás tres universidades públicas de Galicia convértese no axente educativo aglutinador de referencia en todo o territorio galego, facilitando o nexo entre este e, neste caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria no que á educación superior e políticas activas para o emprego se refire.

Adicionalmente, a través das facultades e departamentos das universidades que o integran, dispón do coñecemento teórico sobre todos os aspectos relevantes a ter en conta para a formación en materia de orientación laboral, tanto desde a perspectiva das competencias técnicas como das necesarias competencias persoais que deben adquirir os profesionais que desenvolvan a súa actividade neste campo das políticas activas de emprego.

E por último, a través do papel dos grupos de investigación dedicados ás materias incluídas no programa de formación previsto, tense a seguridade de impartir uns coñecementos permanentemente actualizados e adaptados ás novas tendencias no eido da atención ás persoas demandantes de emprego, asegurando a permanente evolución dos temarios e dos seus contidos acorde á realidade de cada momento.

Ante o novo enfoque que dá ao deseño e á xestión das políticas activas de emprego o Real Decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de emprego, e á vista tamén da aprobación efectiva da Estratexia Española de Activación para o Emprego 2014-2016, polo Real Decreto 751/2014, de 5 de setembro (BOE nº 231, do 23 de setembro de 2014), resulta que as Comunidades Autónomas están habilitadas para deseño e execución de novos programas e medidas de políticas activas de emprego e, se é o caso, para adaptar as preexistentes na normativa estatal ás peculiaridades e características dos seus mercados de traballo locais, introducindo a posibilidade da súa xestión, entre outras opcións, mediante a subscrición de convenios ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.

Terceiro.

Que, tal e como se establece na cláusula terceira do referido Convenio Marco (Convenios Específicos), cada un dos convenios específicos que se deriven deste convenio deberá abordar, entre outros, os seguintes aspectos:

- Partes participantes
- Obxecto do convenio específico
- Detalle do plan de traballo e actividades a desenvolver

- Compromisos das partes asinantes
- Achegas realizadas por cada un dos axentes participantes no convenio
- Normas de coordinación, execución e seguimento do proxecto, de ser diferentes das indicadas neste Convenio Marco.
- Nome e cargo de cada unha das persoas que, por cada parte, asinan o convenio.
- Gastos imputables, réxime de pagamentos e requisitos para a xustificación de gastos, no caso de que estean dotados de contido económico.
- Requisitos de publicidade do cofinanciamento, no seu caso.

Cuarto.

Que en coherencia con todo o exposto e para facelo posible, a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2016, dentro do EJE 1 ORIENTACIÓN, un Programa Propio denominado “PP00337 PROTOCOLO CON LAS UNIVERSIDADES GALLEGAS PARA FOMENTO DEL EMPLEO, MEJORA DE LA ORIENTACIÓN Y FOMENTO DEL EMPLEO”

Quinto.

Que dentro destas accións formativas especializadas se inclúe como elemento de referencia a realización do Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, como titulación propia das tres universidades galegas.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) resaltan a necesidade de aunar esforzos, optimizando o aproveitamento dos recursos dispoñibles e coordinando as distintas medidas de apoio para a mellora da empregabilidade, fomento do emprego, mellora da orientación e fomento do emprendemento e para dar cumprimento o compromiso adquirido, asinan de común acordo este convenio específico de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio Específico.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o CIXUG, para celebrar e impartir o Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral (en diante, curso de posgrao), a desenvolver polo CIXUG no ano 2016, como titulación propia das universidades galegas, para todas aquelas persoas interesadas, estean xa a realizar labores de orientación laboral ou queiran adquirir o nivel de perfil competencial necesario para poderlas realizar cun nivel de coñecemento idóneo.

Igualmente, establece as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o CIXUG para celebrar e impartir un curso ponte (en diante, curso ponte) para posibilitar a obtención da referida titulación de Especialista en Orientación Laboral por parte das persoas que teñan realizado o Curso Avanzado "A Orientación Laboral para o Fomento do Emprego e a Competitividade local en Galicia", celebrado nos anos 2012 e 2013 baixo ao amparo dos respectivos convenios de colaboración entre o propio CIXUG e a Consellería de Traballo e Benestar, actualmente Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Tanto o curso de posgrao de especialización en orientación laboral como o curso ponte obxecto do presente convenio regularanse segundo o establecido na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), na súa nova redacción dada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a anterior e no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais.

Entre os obxectivos que se perseguen dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria coa celebración deste curso de posgrao se encontran os seguintes:

- Permitir que o persoal técnico vinculado ao labor de orientación laboral das entidades públicas locais, provinciais ou de calquera outro tipo e das entidades privadas, poida potenciar os seus coñecementos e competencias profesionais e persoais cara unha mellor atención á poboación demandante dos seus servizos.
- Integrar nun proceso de formación os criterios e principios básicos esenciais que a Consellería de Economía, Emprego e Industria desexa transmitir a calquera técnica/o que estea a interactuar coas persoas demandantes de emprego.
- Axudar a actualizar e a renovar os coñecementos técnicos no ámbito da interacción coas persoas demandantes de emprego, na busca de mellorar a súa empregabilidade e ocupabilidade.
- E abrir a vía de desenvolvemento profesional vinculada á orientación laboral para todas aquelas persoas que, independentemente da situación laboral na que se encontren, poidan adquirir uns coñecementos esenciais para poder facer fronte a dito desenvolvemento profesional.

Ademais dos anteriores, o obxectivo que se perseguen dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria coa celebración do curso ponte é o de posibilitar o acceso das persoas que

teñen realizado o Curso Avanzado "A Orientación Laboral para o Fomento do Emprego e a Competitividade local en Galicia" ao título de Especialista en Orientación Laboral mediante a adquisición das competencias adicionais requiridas a partires do programa do curso avanzado, dun xeito máis eficiente e podendo así continuar completando os seus coñecementos e competencias profesionais e persoais cara a unha mellor atención á poboación demandante dos seus servizos.

Segunda.- Detalle das actividades a desenvolver.

Os contidos mínimos que haberá de incluír o curso de posgrao e o curso ponte son os definidos na proposta metodolóxica que se inclúe como Anexo 1 ao presente convenio específico de cooperación.

Á marxe do sinalado no Anexo 1, as actividades formativas a desenvolver polo CIXUG serán todas as que se precisen para o bo fin das accións deste convenio.

O calendario previsto para a súa execución será o que se inclúe como Anexo 2 a este convenio específico.

Terceira.- Compromisos e achegas do CIXUG.

Polo presente convenio, o CIXUG se compromete a ofertar:

- Para curso de posgrao un total de 80 prazas entre as persoas solicitantes que cumpran os criterios obxectivos de acceso fixados na normativa do Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, a celebrar no ano 2016.
- Para o curso ponte, un total de 40 prazas, ás que terán acceso as persoas que teñan superado o Curso Avanzado "A Orientación Laboral para o Fomento do Emprego e a Competitividade local en Galicia" nalgunha das súas edicións, conforme aos criterios de acceso fixados na normativa do Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, a celebrar en 2016.

Inicialmente, reservaranse un total de 10 matrículas para persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia, abrindo para isto un prazo previo de matriculación específico para este persoal. Corresponde á Consellería de Economía, Emprego e Industria establecer os medios e criterios de selección destas persoas que, en calquera caso, deberán cumprir os requirimentos xerais establecidos para o acceso a esta formación de posgrao. No caso de non cubriren estas prazas no prazo previsto, estas poderán ser postas a disposición do público en xeral.

Aquelas persoas que superen satisfactoriamente os requirimentos e actividades avaliativas establecidas para determinar o aproveitamento tanto do curso de posgrao como do curso ponte, obterán o dereito á obtención do título de especialista universitario en orientación laboral, previo pagamento na universidade correspondente do SUG das taxas establecidas a efectos de expedición de títulos.

O CIXUG, como entidade promotora das actuacións recollidas no obxecto deste convenio específico, e coa esixencia de garantir a adecuada execución das mesmas, comprométese a

asumir a dirección das mesmas, debendo proceder, en consecuencia á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación dos servizos especializados necesarios para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.

Para conseguir un axeitado enfoque do curso e as súas actividades ás circunstancias específicas nas que se desenvolve a orientación laboral en Galicia, o CIXUG elaborará con carácter previo á realización do curso un informe descritivo da situación do mercado laboral en Galicia, así como unha caracterización das persoas que reciben orientación, de modo que esta información sirva como directriz á hora de desenvolver os contidos do curso, enfocados á realidade galega.

Cuarta.- Compromisos e achegas da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá ao presente convenio cunha achega económica de 140.000 € (cento corenta mil euros) ao CIXUG no exercicio 2016, para ser destinada a estes fins, de acordo coa seguinte distribución:

25.000,00 € de xeito anticipado ao inicio das actividades.

33.000,00 € ao final do curso ponte.

82.000,00 € ao final do curso de posgrao.

O seu financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 09.41.322A.444.1 proxecto 2016 00 524 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral:

APLICACIÓN	IMPORTE	ANUALIDADE
09.41.322A.444.1	140.000 €	2016

En ningún caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria aboará custo ningún que exceda da dita cantidade.

Quinta.- Gastos imputables.

A achega económica establecida na anterior cláusula destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados relativos a:

- a) Os custos salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización das actividades obxecto deste convenio, podendo tratarse de persoal que presta servizos na entidade beneficiaria ou aqueloutro que se contrate para tal fin. Cando se trate de persoal do CIXUG, imputaranse as partes proporcionais do tempo efectivamente dedicado aos cursos, tendo en conta que a citada imputación non poderá superar o 40%.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamento do dito persoal.
- c) Gastos derivados da contratación de medios externos sen limitación porcentual, sempre que quede garantida a natureza do gasto en relación coa actividade formativa realizada, mediante constancia expresa no documento xustificativo ou por medio de certificación acreditativa de cada organización; e sempre tendo en conta que se deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Gastos xerais, materiais e técnicos co límite do 25% do custo total final do proxecto. Estes gastos inclúen os seguintes:

d).1 Gastos de execución de material técnico (guías, documentación para o participante...) e de execución en material de oficina.

d).2 Gastos xerais necesarios para a execución das accións na parte correspondente á dita execución:

- Arrendamento (leasing excluído): edificios, mobiliario, efectos e equipos de arrendamento.
- Mantemento (se non está incluído no arrendamento).
- Subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no arrendamento).
- Comunicaci3ns (teléfono, correos...).
- Limpeza.
- Seguridade e vixilancia.

A acreditaci3n dos diferentes conceptos de gastos subvencionables realizarase presentando a seguinte documentaci3n:

a) Retribuci3ns de persoal:

-Copia cotexada dos xustificantes correspondentes ás cotizaci3ns da Seguridade Social (RLC e RNT) correspondentes aos meses imputados.

-Copia cotexada das nóminas correspondentes aos meses imputados.

-Copia cotexada do impreso de liquidaci3n nominal do IRPF. No caso en que, por cuesti3ns de prazos legais, non sexa posible dispoñer do impreso correspondente ao último trimestre a xustificar, substituirase este por un certificado de ter abonado os importes correspondentes asinado polo Secretario do CIXUG.

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados pola transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realizaci3n do seu pagamento.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de axudas de custo e desprazamentos non incluídos nas nóminas, contrataci3n de medios externos e gastos xerais, materiais e técnicos necesarios: facturas correspondentes, orixinais, formato electrónico admisible legalmente ou copias cotexadas, e xustificaci3n do pagamento destas a través de transferencia ou cargo bancario, tendo en conta que todas as facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca ao CIXUG e ao período de vixencia do convenio e e deberán incluír a denominaci3n do Curso de Posgrao de Especializaci3n en Orientaci3n Laboral, edici3n 2016.

Sexta.- Xustificaci3n e pagamento.

O pagamento da axuda prevista no presente convenio realizarase do seguinte xeito:

A) Anticipo:

Unha vez acreditado o inicio do/s curso/s, o CIXUG poderá solicitar un pagamento de ata 25.000 euros, en concepto de anticipo a conta da xustificaci3n.

De acordo co establecido no artigo 65.4.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías “as entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia as que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 1º deste regulamento”.

B) Xustificación e liquidación parcial:

Unha vez rematado o curso ponte, o CIXUG disporá ata o 30 de outubro de 2016 para presentar a xustificación e liquidación das actividades realizadas ata a data, por un importe máximo de ata 33.000 euros, dacordo co establecido na cláusula 4ª. Por parte da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada.

Xunto con esta solicitude de liquidación parcial presentarase a seguinte documentación:

1. Certificado do órgano competente do CIXUG dos gastos realizados con cargo ao convenio ata o momento de remate do curso ponte.
- 2-Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade de Galicia, ou certificados dos órganos emisores .
3. Documentación xustificativa dos gastos imputados conforme ao previsto na cláusula quinta do presente convenio.

C) Xustificación e liquidación final:

O CIXUG disporán ata o 30 de decembro de 2016 para presentar a xustificación e liquidación da axuda concedida. Por parte da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada e ao anticipo e liquidación parcial percibidos, no seu caso.

Xunto coa solicitude de liquidación final presentarase a seguinte documentación:

1. Certificado do órgano competente do CIXUG dos gastos realizados con cargo ao convenio non incluídos na liquidación parcial, no que constan declaracións responsables do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.
2. Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade de Galicia, ou certificados dos órganos emisores .
3. Memoria descritiva das actividades realizadas, en formato papel e electrónico.
3. Documentación xustificativa dos gastos imputados, conforme ao previsto na cláusula quinta do presente convenio.

Sétima.- Obrigas do CIXUG.

O CIXUG, ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, estará suxeito ás seguintes obrigas:

- a)** O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, incluído o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Neste sentido, a sinatura do presente convenio comportará a autorización ao órgano xestor da Consellería de Economía, Emprego e Industria para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a devandita certificación poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- b)** Comunicarlle ao órgano que concede a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional
- c)** O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
- d)** Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- e)** Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao CIXUG coa identificación en conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, coa referencia común a todos eles de fomento da empregabilidade.
- f)** No caso de que se produza cesión de datos a entidades subcontratadas, adaptarse ás esixencias establecidas no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, poñéndose en marcha as medidas de seguridade técnicas e organizativas que sexan precisas.

Oitava. Publicidade.

Para os efectos de difusión pública, nos lugares, incluídas páxinas web, onde se realicen as actividades obxecto do convenio deberá figurar, de forma visible, o financiamento pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

Así mesmo, todos os materiais e produtos que se elaboren con cargo á axuda concedida deberán utilizar axeitadamente o logotipo da Xunta de Galicia de acordo co Manual de Identidade Corporativa (<http://www.xunta.es/descarga-do-manual>).

En virtude do anterior, e con carácter previo á súa utilización, o CIXUG deberá obter a aprobación expresa por parte da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral en relación aos deseños a empregar.

Novena. Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios.

O CIXUG de conformidade co establecido na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios que se regula en dito decreto.

Igualmente, de acordo co artigo 15 e 17 da lei 1/2016 de 18 de xaneiro de transparencia e bon goberno, o CIXUG autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria para publicar os datos do convenio na súa páxina web oficial.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Décima. Modificación e reintegro das cantidades.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo Primeira.- Vixencia e Duración.

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, as actividades englobadas no presente convenio que

realizase o CIXUG dende o 1 de marzo de 2016, tamén poderán ser subvencionadas coa achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Igualmente, poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas. A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

Décimo Segunda.- Seguimento do Convenio Específico.

Correspóndelle á Comisión Mixta referida no Protocolo Marco de colaboración velar polo efecto e a correcta execución deste Convenio Específico, así como realizar a interpretación das dúbidas que se presenten.

Décimo Terceira. Natureza do Convenio.

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e, no non previsto, aplicaráselle os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio no que se refire á axuda outorgada serán resoltas, a falta de acordo na comisión de seguimento, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, poñendo as súas resolucións fin á vía administrativa. Contra estas resolucións poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lido por ámbalas dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

Conselleiro de Economía, Emprego e
Industria da Xunta de Galicia

Presidente do Consorcio para o Desenvolvemento
de Aplicacións para a Xestión Universitaria

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ

SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA